

Mostrámosvos a seguir un avance das primeiras etapas, as que percorreremos este ano 2008 e o próximo 2009.

Ademais do seguimento acostumado en cada Circular mensual do Club, imos adicar toda unha zona nova da nosa páxina Web a este Proxecto; pensamos que a ocasión meréceo. Alí teredes a acostumada descrición previa á realización de cada etapa, que acompañaremos despois de percorrela cos comentarios, seguro que gustosos, da experiencia vivida e extensa reportaxe fotográfica de cada saída.

Pero é que ademais, desde a páxina Web do Club poderedes visionar e baixarvos os percorridos a efectuar, mapas, waypoints (GPS), fotografías, percorridos e vistas aéreas (Google Earth®), perfís de cada etapa, etc.

Como vedes, todo un alarde tecnolóxico e de seguimento, pois queremos que gocedes desta viaxe como se debe, isto é, tres veces: preparándoo, pateándoo, e lembrándoo.

Pensamos en acabar o Proxecto Transcantábrica cun recoñecemento aos seus participantes máis asiduos, para o que se establecerá algún agasallo ou recoñecemento segundo o grao de asistencia e cumprimento das etapas por cada participante.

ETAPA PREVIA - (1-2 Nov. 2008) INTEGRAL DE ANCARES

Partindo de Degrada faremos esta tradicional travesía que percorre os principais cumes desta serra tan agradecida en paisaxes, os nosos Ancares.


Lonxitude 34 km. Desnivel+ 2.276 m. Pena Rubia (1822 m.), Tres Bispos (1798 m.), Corno Maldito (1858 m.), Pico Mostallar (1935 m.), Pico Cuiña (1992 m.).



ETAPA 1 PUERTO ANCARES - PUERTO DEL TRAYETO

Xa enfilamos para o nacente polo cordal divisoria entre León e Asturias. Cordal altivo e linear, de amplos horizontes para todo o occidente asturiano e o val de Fornela. Etapa cómoda que percorre despexados cumes sobre inmensas espesuras de bosques.


Lonxitude 31 km. Desnivel+ 1.554 m. Pico Miravalles (1966 m.), Pena Rogueira (1960 m.), Pena Turrunteira (1948 m.), A Camposa (1992 m.), Teso Mular (1884 m.), Alto de Moredina (1857 m.), Pena Trayeto (1700 m.).



ETAPA 2 PUERTO DEL TRAYETO - PUERTO LEITARIEGOS

Etapá longa, con fortes tobogáns, repartida entre as terras que asoman a Degaña e, na súa segunda metade, as que dan vista ás Fontes do Narcea e Reserva natural do Cueto de Arbás. Numerosas lagoas de alta montaña para refrescarse, unha gozada. Subiremos o noso primeiro dous mil... anda que non nos quedan.


Lonxitude 44 km. Desnivel+ 3.425 m. Tumbón de Mosqueiro (1754 m.), Alcornón de Busmori (1941 m.), Pico Bóveda (1917 m.), Pico Chagueños (1838 m.), Cueto de Arbas (2002 m.).



ETAPA 3 PUERTO DE LEITARIEGOS - PUERTO SOMIEDO

O fondo dos longos vales ao norte de Laciana sitúanos sobre os mellores miradores das altas terras Somedanas, zonas oseiras por excelencia, Reserva de Protección Especial. Deixamos atrás o Occidente Astur para someternos á cruzeta de illados e agrestes cordais.

Lonxitude 32 km. Desnivel+ 2.113 m. Peñas Blancas (1865 m.), Gobia de Cacabiecho (1861 m.), Pico Cogollo (1965 m.), Cornín (2059 m.), Cornón (2188 m.), Pena Penouta (1976 m.).



ETAPA 4 PUERTO SOMIEDO - PUERTO VENTANA

Das etapas máis gratificantes. Como as paisaxes de Somiedo sabedes que non hai outras. Entornos bucólicos mesturados con tramos de cresterías de altos voos. O nacemento do río Sil. Os Lagos de Somiedo. Das zonas máis belas do Cordal Cantábrico.

Lonxitude 36 km. Desnivel+ 2.664 m. Pena Chana (2068 m.), Pena Orniz (2191 m.), Torre Orniz (2175 m.), La Muela (2126 m.), Pico Blanco (2061 m.), Pena Calabazosa (2104 m.), Ferreirúa (1976 m.).

